SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

Boletín Informativo 14
MARZO 2015




## Entrevistamos a...



**Javier Domínguez Lino**
PRESIDENTE DE SOGAMA

*"Temos que desenvolver un labor conxunto e responsable; só desde a unidade conseguiremos resultados positivos"*

Ler máis...

## Mundo SOGAMA

### Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

O encontro tivo lugar o mesmo día do seu nomeamento pola Xunta de Galicia



Durante a reunión, Ethel Vázquez trasladoulle a Javier Domínguez Lino a necesidade de afianzar o papel da empresa pública como un servizo clave a disposición de todos os concellos galegos que desexen contratarlle a xestión dos refugallos urbanos e anunciou novos retos e inversións para o complexo.

Ler máis...

## Multimedia



**Cantas vantaxes ten facer compost na casa!**
Ver o 15º videoconto...

**O Caderno Verde esténdese ao terceiro ciclo de primaria**
Ler máis...

**Obra teatral "O Mago do compoz" do Ceip San Xoán de Filgueira (Ferrol)**
Ler máis...

**Novo spot institucional**
Ler máis...

## Eventos

- Efemérides polo planeta
- Xornada de biogás en Galicia
- Entrega de diplomas do Master en Enxeñaría Ambiental

Máis eventos...



## Actualidade

### Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo)

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

Ler máis...

## Receitario



*Que comes hoxe?*

- Pementos recheos

Ver receita...

Síguenos en...

www.sogama.es

XUNTA DE GALICIA



Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Entrevistamos a...



**Javier Domínguez Lino**
Presidente de Sogama

## *"O meu horizonte non é outro que prestar o mellor servizo público e contribuír ao benestar dos galegos"*

**A mediados do pasado mes de febreiro, Javier Domínguez Lino, por designación da Xunta de Galicia, foi nomeado presidente de Sogama, dando paso así a unha nova etapa na súa vida profesional.**
**Con fe, ilusión e, sobre todo, moito traballo, aborda a xestión dunha sociedade ambiental que ten a responsabilidade de dar un correcto tratamento á maior parte dos residuos producidos no territorio galego. Acabado de chegar, xa estableceu as súas prioridades: restablecer as relacións cos concellos, proceder á ampliación da infraestrutura industrial da empresa para incrementar as taxas de reciclado na nosa comunidade e reforzar as tarefas de educación ambiental.**

**Tras pouco máis de dous meses ao fronte de Sogama, que visión inicial ten da empresa pública?**
Vexo unha empresa con gran potencial para a nosa comunidade e non só a nivel medioambiental. Porque, máis aló de dar solución á problemática que entraña a produción de residuos domésticos, o certo é que a compañía contribúe ao desenvolvemento económico de Galicia e á cohesión social. E non o digo eu, senón a propia Comisión Europea, que no seu informe *ex post* de avaliación do modelo Sogama, publicado no 2012, puxo de relevo os beneficios da entidade para a protección da contorna, toda vez que, grazas á súa existencia, posibilitou o selado e clausura dos centos de vertedoiros municipais e milleiros de vertidos ilegais detectados en Galicia na década dos 90 do século pasado. Pero a Sociedade tamén achegou vantaxes para a economía, mediante a creación de riqueza e emprego (ao redor de 500 postos de traballo directos e outros tantos indirectos) e fixo importantes contribucións a nivel social, sendo a transparencia informativa un dos seus principais sinais de identidade.

**Entendemos que a súa experiencia en xestión empresarial lle será de grande axuda na tarefa a desenvolver en Sogama.**
Si, son licenciado en Dirección e Administración de empresas e, cando acabei os meus estudos superiores, introducinme no mundo da banca, onde estiven 15 anos. Logo pasei a prestar os meus servizos na empresa pública Xestur, primeiro como xerente de Xestur Pontevedra e logo como coordinador da Zona Sur.
En todo caso, a miña vida profesional sempre estivo ligada á xestión empresarial, tanto no ámbito privado como público. Exercer a presidencia de Sogama é todo un reto e unha gran responsabilidade. Trátase dun sector, o dos residuos e a enerxía, que son para min grandes descoñecidos, pero moi gratificantes a nivel de desenvolvemento persoal e profesional.

SEGUIR LENDO...

**Mundo Sogama**
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

**Actualidade**
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

## Entrevistamos a...

**Unha vez realizado o primeiro diagnóstico da Sociedade, cales son as súas prioridades para os próximos meses.**

Teño tres obxectivos inmediatos e fundamentais. Un deles é restablecer as relacións cos concellos que utilizan os servizos de Sogama e cos que quizais houbo unha falta de entendemento a raíz da suba do canon, que posteriormente foi rebaixado nun 10% desde o pasado xaneiro. A nosa intención é facilitar os pagos aos concellos debedores e axudalos na implantación de mecanismos que lles permitan mellorar a xestión dos seus residuos e aforrar custos. Para isto xa mantiven unha reunión no seo da Fegamp, a través da cal esperamos reactivar a comunicación cos entes locais e chegar a puntos de encontro.

*"A nosa intención é facilitar os pagos aos concellos e axudalos a mellorar a xestión dos seus residuos e aforrar custos"*

A ampliación das instalacións da Sociedade constitúe outra das actuacións a levar a cabo. Queremos posibilitar a recuperación dos envases plásticos contidos no lixo convencional e para iso debemos realizar unha serie de adaptacións industriais, figurando igualmente na nosa folla de ruta a construción dunha planta de compostaxe con capacidade para 15.000 toneladas.

Con estas melloras diminuiremos substancialmente a cantidade de refugallos desviados ao vertedoiro de Areosa, que só pasará a recibir aquilo que non se poida reciclar nin recuperar material e enerxeticamente.

E finalmente gustaríame destacar o reforzo que pretendemos facer no ámbito da educación ambiental da poboación, peza clave no proceso. Porque resulta evidente que se cada un de nós non aplica o principio europeo dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), quedamos sen o soporte básico que debe rexer a correcta xestión do lixo.

*"A estas alturas xa ninguén pode cuestionar o modelo Sogama, que foi apoiado desde a orixe pola Unión Europea"*



A achega da cidadanía resulta esencial, pero para que isto sexa así débeselle facilitar a información, a formación e os medios. Non é doado chegar coas mensaxes a todos e cada un dos colectivos sociais existentes en Galicia, pero aí deben estar os concellos, pois ninguén mellor que eles para adaptalos á idiosincrasia de cada localidade e aos intereses dos distintos grupos.

Estou convencido da necesidade de desenvolver un labor conxunto e responsable, pois só desde a unidade conseguiremos obter resultados positivos. Por isto aproveito a ocasión para recordarlle aos concellos que cantos máis materiais envíen á industria do reciclado, máis ingresos económicos recibirán por parte dos sistemas integrados de xestión e menos pagarán a Sogama. O noso apoio, neste sentido, vai ser total.

SEGUIR LENDO...


### Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

### Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

### Multimedia

### Eventos

### Receitario


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

**De todo o que se veu facendo durante os últimos anos no ámbito da divulgación, que actuacións lle chamaron especialmente a atención?**
Considero de grande interese todas as iniciativas educativas, pero hai dúas que quero salientar. Primeiro, o programa de visitas ás instalacións de Sogama, polo que pasaron preto de 63.000 persoas, brindando a oportunidade de que veciños, estudantes, docentes, asociacións e profesionais do sector, entre outros, comproben por si mesmos a realidade de Sogama e o traballo do día a día. O segundo é o programa de compostaxe doméstica, ao que están adscritas 145 entidades, das que 96 son concellos e 46 centros escolares e colectivos sociais. Dadas as súas vantaxes ambientais e económicas, o impacto deste proxecto está a ser moi positivo, coa particularidade de que non supón trastorno para as familias, xa que, como todos sabemos, a autocompostaxe forma parte da tradición do rural galego, onde desde sempre se separou a materia orgánica, ben para alimento do gando, ben para a elaboración de abono.

*"Habitar nunha contorna saudable significa calidade de vida, e a calidade de vida resulta esencial na felicidade"*

**A valorización enerxética continúa no punto de mira?**
Creo que a estas alturas xa ningúen pode cuestionar o modelo polo que optou Sogama e que foi apoiado desde as súas orixes pola Unión Europea. Aplica de forma rigorosa a estratexia dos tres erres, ás que engade a recuperación enerxética da parte non reciclable, poñendo en valor aquela parte dos refugallos que, de non seguir este camiño, acabarían depositados en vertedoiro, a última opción na xestión xerarquizada do lixo.
E o noso espello deben ser os países europeos máis desenvolvidos e comprometidos co medio ambiente (Alemaña, Austria, Holanda, Dinamarca e Suecia), que son os que máis reciclan e os que máis valorizan enerxeticamente, contando con taxas de vertedura testimoniais (entre o 0 e o 5 por cento).



Ademais de todo isto, quixera recordar que o proceso industrial desenvolvido no complexo medioambiental de Cerceda lévase a cabo con todos os requisitos legais e proba disto son os parámetros de emisión, medidos en continuo na súa maior parte, e que se atopan en todos os casos moi por baixo dos límites que marca a lexislación, garantindo desta forma unha operativa absolutamente respectuosa co medio ambiente e a saúde das persoas.

**Que espera do seu labor en Sogama?**
Espero facelo ben e niso poñerei todo o meu empeño e todos os medios ao meu alcance. O meu horizonte non é outro que prestar o mellor servizo público e contribuír ao benestar dos galegos. Porque é evidente que habitar nunha contorna saudable significa calidade de vida, e a calidade de vida resulta esencial na felicidade.

SUBIR


## Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

## Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

## Multimedia

## Eventos

## Receitario


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# A conselleira de Medio Ambiente reúnese en Santiago co novo presidente de Sogama

**Ethel Vázquez solicitoulle a Javier Domínguez que afiance o papel da empresa pública como un servizo clave a disposición dos concellos para a xestión dos refugallos urbanos**



Domínguez (drta.) con Ethel Vázquez e Justo de Benito

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez, mantivo o pasado 11 de febreiro, o mesmo día do seu nomeamento, unha reunión co novo presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino. No encontro tamén estivo presente Justo de Benito, Secretario Xeral de Calidade de Avaliación Ambiental.

Durante o encontro, a conselleira trasladoulle ao novo responsable que afiance o papel de Sogama como un servizo clave a disposición dos concellos galegos que, voluntariamente, desexen contratarlle a xestión dos refugallos urbanos, que son competencia municipal.

**Novos proxectos**

Outro dos retos formulados foi o de impulsar a ampliación da infraestrutura industrial de Sogama mediante a posta en marcha dunha planta de recuperación dos envases contidos na bolsa negra (lixo en masa) e a construción dunha planta de compostaxe. Ambas as dúas instalacións, que permitirán reducir o envío de residuos a vertedoiro, suporán un investimento duns 30 millóns de euros

SUBIR

## Entrevistamos a...
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

## Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## Miño incorpórase ao programa de compostaxe de doméstica con 57 fogares

**A día de hoxe, Sogama xa distribuíu entre vivendas, centros escolares e colectivos sociais de toda Galicia máis de 4.000 composteiros.**



Composteiro entregado en Miño

Os participantes recibirán outros tantos composteiros de 240 litros de capacidade cedidos por Sogama. En paralelo, os servizos locais de Medio Ambiente organizaron unha serie de charlas informativas e formativas nas parroquias do rural, dando cobertura ás familias interesadas na iniciativa para que poidan producir o seu propio compost. Este abono natural obtido a partir da materia orgánica xerada nas propias vivendas permitiralles nutrir as súas hortas e xardíns sen necesidade de recorrer a fertilizantes artificiais.

A iniciativa reportaralle ao ente local importantes beneficios, tanto ambientais como económicos. Nesta liña, cabe recordar que unha das vantaxes máis importantes é a redución da cantidade de lixo entregado a Sogama para o seu tratamento e, polo tanto, o importe da factura a pagar á compañía pública. De media, a materia orgánica representa case o 40 por cento da composición do lixo.

Unha vez implantado o proxecto, o concello xa está a realizar labores de seguimento co fin de comprobar o traballo dos usuarios finais, corrixir posibles erros e resolver dúbidas axudados do material divulgativo de apoio editado por Sogama. Un dos manuais específicos que se poden consultar é o titulado *Fabrica e utiliza o teu compost*, tamén dispoñible online na web de Sogama.

O éxito do programa de compostaxe doméstica de Sogama é indubidable. A día de hoxe, a empresa pública xa distribuíu entre vivendas, centros escolares e colectivos sociais de toda Galicia máis de 4.000 composteiros.

SUBIR

Entrevistamos a...
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

Actualidade
Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## O Penal de Monterroso utilizará o seu propio abono orgánico nas hortas do centro

**O fertilizante, que recibiu a cualificación Clase A, foi fabricado polos internos nos composteiros subministrados por Sogama.**

O compost obtido no Centro Penitenciario de Monterroso (Lugo) cumpre con todos os requisitos de calidade contemplados pola lei para ser aplicado con absolutas garantías na agricultura.

De feito, e tras a análise científica de diversas mostras realizada pola Universidade de Santiago de Compostela, a clasificación do abono resultante encádrase na Clase A, cumprindo de forma rigorosa coas esixencias do Ministerio de Agricultura. Os composteiros cos que conta o penal foron subministrados no seu momento por Sogama.

En consecuencia, o compost obtido no penal de Monterroso, en cuxo proceso de fabricación participa un bo número de reclusos, podería aplicarse directamente aos cultivos sen necesidade de mesturalo antes con outros materiais. A previsión é que o fertilizante obtido sexa utilizado nas hortas ecolóxicas ao coidado dos internos.



Materia orgánica para facer compost

Sogama tamén trasladou ao penal unha serie de recomendacións tales como a necesidade de incorporar material seco aos composteiros, de tal forma que se compense o exceso de humidade.

Outras recomendacións foron fragmentar o máximo posible os residuos para facilitar o proceso de degradación, ou remover e voltear periodicamente os restos orgánicos. Todo isto contribuirá a mellorar, se cabe aínda máis, as propiedades nutritivas do abono.

SUBIR

Entrevistamos a...
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## Os veciños de varios municipios da provincia de Ourense superan con nota a primeira inspección dos seus composteiros

**Nesta fase inicial de seguimento, revisouse o 98% dos recipientes instalados nos fogares participantes no programa implantado e ampliado pola Deputación Provincial e Sogama en 20 concellos.**

A fase de formación inicial do programa de compostaxe doméstica implantado pola Deputación de Ourense e Sogama tivo excelentes resultados. As primeiras visitas de seguimento realizáronse entre o 22 de decembro de 2014 e o 30 de xaneiro de 2015, procedendo á inspección de 298 dos 303 composteiros entregados nos fogares, o 98% do total.

Nunha alta porcentaxe dos fogares constatouse a correcta operativa dos recipientes, nos que os usuarios veñen depositando maioritariamente materia orgánica procedente de restos de cociña e, en menor medida, restos verdes de xardín. De media, por cada 100 quilos de lixo orgánico obtéñense uns 25-30 quilos de compost.

Esta iniciativa aglutina a 20 localidades que teñen delegado na Deputación o servizo de xestión e tratamento de residuos. Son Amoeiro, Baltar, Os Brancos, Boborás, A Bola, O Carballiño, Castrelo de Miño, A Gudiña, Lobeira, Lobios, Pobra de Trives, Ribadavia, A Rúa, Rubiá, San Cibrao das Viñas, San Xoán de Río, Sarreaus, Trasmiras, Vilamartín de Valdeorras e Xinzo de Limia. Todos os usuarios foron formados conforme a un plan que contempla cursos, charlas e a edición de diverso material divulgativo de apoio.

### Nova fase

En breve abordarase a segunda visita de seguimento para comprobar de primeira man a evolución do proxecto. Tamén se aproveitará o encontro para resolver as dúbidas que poidan presentar os participantes e corrixir posibles erros.



Composteiro entregado en Ourense

SUBIR

Entrevistamos a...
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## O novo xogo xigante "Un partido polo planeta" circulará por medio cento de colexios da nosa comunidade

**Estes centros, tanto de primaria como de secundaria, participaron nas tres últimas edicións do programa educativo "Recíclate con Sogama".**

Uns 50 de colexios de Galicia, tanto de primaria como de secundaria, que participaron nas tres últimas edicións do programa educativo "Recíclate con Sogama", recibirán nos próximos meses a visita do novo xogo xigante "Un partido polo planeta".




O taboleiro mide 120x120 cm

O obxectivo didáctico é formar ao alumnado na xestión sostible dos residuos urbanos, sen esquecer a transmisión de valores educativos para a convivencia e, por suposto, a diversión e o entretemento dos nenos.

A filosofía que impregna esta iniciativa é conseguir que pequenos e mozos cheguen a tomar conciencia de que son parte dun equipo (a cidadanía) e que cada un deles é parte da solución, sendo o seu labor, tanto individual como colectivo, fundamental para o coidado da contorna.

### Mecánica

Neste sentido, as regras son moi sinxelas. Proclamarase campión o equipo que logre superar unha serie de probas nas que deben dar boa conta dos seus coñecementos en medio ambiente, habilidades e talento.

"Recíclate con Sogama", canalizado a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, ten por obxecto promover a recollida selectiva de residuos no ámbito escolar, proporcionando os recursos e a formación necesaria.

SUBIR

Entrevistamos a...
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## Máis de 7.000 escolares formados en reciclaxe

**A campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor" visitou entre febreiro e marzo 82 centros de primaria e secundaria.**

A terceira edición da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor" percorreu nos meses de febreiro e a maior parte de marzo un total de 82 centros académicos de primaria e secundaria para formar a preto de 7.000 alumnos na correcta xestión dos residuos urbanos.



Os educadores servíronse de diverso material de apoio

Grupos de educadores medioambientais visitaron os colexios para levar a cabo numerosas actividades didácticas, valéndose para isto de diverso material divulgativo (guías, vídeos, xogos interactivos, etc.). Ademais, os escolares recibiron agasallos e obxectos de merchandising co fin de estimular o seu interese.

O principio europeo dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) guiou este proceso de formación transversal, sen esquecer as vantaxes da compostaxe doméstica. Deste xeito, facilitouse que os mozos interiorizasen as boas prácticas para producir menos lixo, sacando o máximo rendemento a produtos que están acostumados a tirar á papeleira como é o caso dos restos orgánicos que se poden transformar nun excelente abono natural para os cultivos.

### Coñecemento universal

Nas explicacións, os monitores non se esqueceron de recordar cal é forma correcta de separar os refugallos por tipoloxías e como se deben depositar nos distintos contedores de recollida selectiva.

A campaña educativa "Separemos ben, reciclaremos mellor", promovida pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama, conta coa colaboración de Ecoembes, Ecovidrio e os sistemas integrados de xestión de pilas (Ecopilas, Ecolec e ERP).

SUBIR

**Entrevistamos a...**
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

**Mundo Sogama**
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

**Actualidade**
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## Máis de 900 visitas ás instalacións de Sogama desde comezos de ano

**Alumnos de todos os niveis educativos, profesionais e veciños en xeral puideron coñecer de primeira man a actividade diaria que se desenvolve nas instalacións sitas no municipio coruñés de Cerceda.**



**Os policías locais aproveitaron a visita para recoller os diplomas do curso que realizaron**

O programa de visitas a Sogama para este ano arranca con forza. Entre xaneiro e febreiro unhas 900 persoas (300 e 600, respectivamente) fixeron o percorrido guiado polas instalacións da Sociedade para comprobar de primeira man a actividade desenvolvida nas mesmas.

Entre outros, achegáronse ata o complexo industrial de Cerceda os alumnos do Master en Contaminación Industrial da Universidade de Vigo, os da Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo (Campus de Ourense) ou os máis 80 policías locais que participaron a finais de 2014 no curso en liña "A xestión dos residuos urbanos no modelo Sogama", xornada que foi aproveitada para recoller os diplomas acreditativos.

Tamén se contou coa presenza de escolares dos colexios Peleteiro de Santiago de Compostela, CPI O Cruce de Cerceda e do IES República Oriental de Uruguai; así como doutros centros participantes na terceira edición do programa "Recíclate con Sogama". Pola súa banda, os veciños do concello pontevedrés de Baiona desprazáronse ata o complexo industrial no marco da campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor". Así mesmo, a Escola Profesional Santo Cristo de Ourense visitou a planta de transferencia de San Cibrao das Viñas (Ourense).

### Como solicitar unha visita

Os interesados en concertar unha visita a Sogama poden facelo accedendo á web corporativa www.sogama.es e cubrindo o correspondente formulario, chamando aos teléfonos 981 698 500/ 12/11 ou no seguinte correo electrónico cmc@sogama.es.

Ver fotos das visitas ás instalacións

SUBIR

**Entrevistamos a...**
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

**Mundo Sogama**
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

**Actualidade**
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

Os veciños tamén poden participar en enquisas de satisfacción



## Xinzo de Limia e Melide, paradas da campaña autonómica da reciclaxe

**Continúa por toda Galicia a terceira edición de "Separemos ben, reciclaremos mellor".**

Dúas das primeiras visitas que este ano fixo a aula móbil, enmarcadas na terceira edición da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor", foron aos concellos de Melide (A Coruña) e de Xinzo de Limia (Ourense). Alí, os educadores ambientais instruíron os habitantes de ambas as dúas localidades nas boas prácticas vinculadas á reciclaxe.

A estratexia comunitaria dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) constituíu a base do discurso dos monitores. Ante todos os que se acercaron á carpa deron conta dos xestos e comportamentos a adoptar para producir menos lixo, para aproveitar ao máximo os produtos e para participar activamente no sistema de recollida selectiva.

### Obxectivos comúns

A campaña "Separemos ben, reciclaremos mellor", promovida pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama co apoio de Ecoembes, Ecovidrio e os sistemas integrados de xestión de pilas (Ecopilas, Ecolec e ERP), quere contribuír a alcanzar os obxectivos contemplados no plan galego de xestión de residuos urbanos 2010-2020. Estes son reducir a produción de lixo nun 10 por cento, reto xa superado; triplicar as taxas de reutilización e reciclado ata a cifra do 30 por cento, e minimizar o vertido, baixando ata o 24 por cento.

SUBIR

Entrevistamos a...
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## Curso en liña para o profesorado de secundaria

**Con 30 horas lectivas, o curso terá unha duración aproximada de dous meses.**



Os docentes tamén dispoñen de titorías online

Sogama vén de iniciar un curso de formación en liña dirixido ao profesorado de ensino secundario a través da plataforma dixital que ofrece o CAFI, o Centro Autonómico de Formación e Innovación dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Con 30 horas lectivas, o curso, que puxo a disposición do alumnado dous titores, terá unha duración aproximada de dous meses (comezou o 23 de febreiro).

Entre os seus obxectivos cabe destacar a toma de conciencia sobre a problemática que, a día de hoxe, representa o lixo, a adquisición de coñecementos sobre a actividade de Sogama e a interiorización dunha nova forma de visualizar os residuos, concibíndoos como recursos de valor. De feito, anímase aos docentes a que a xestión dos refugallos sexa un recurso didáctico de apoio no currículo académico, xa que o carácter transversal do medio ambiente así o permite.

### Contidos

O temario está composto por dez unidades, traballando, entre outros, contidos vinculados ao principio europeo dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), á xestión dos refugallos en Europa e España, á infraestrutura industrial do modelo Sogama, á compostaxe doméstica e aos instrumentos educativos empregados pola empresa pública nas campañas de concienciación social.

SUBIR

Entrevistamos a...
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## Primeiras visitas de seguimento aos trece centros do programa "Recíclate con Sogama"

**Os colexios participantes pertencen ás catro provincias galegas: sete pola de Pontevedra, dous pola da Coruña, tres pola de Vigo e un pola de Ourense.**

Trala implantación, o pasado mes de outubro, do programa "Recíclate con Sogama" 2014-2015 en 13 centros educativos de secundaria, Sogama xa abordou as primeiras visitas de seguimento para obter información sobre a evolución dos proxectos desenvolvidos nos mesmos. Os colexios participantes pertencen ás catro provincias galegas: sete pola de Pontevedra, dous pola da Coruña, tres pola de Vigo e un pola de Ourense.

Persoal técnico ao servizo de Sogama estase a trasladar aos centros para analizar, a través de mostraxes e caracterizacións, a calidade do material depositado nos contedores que conforman as illas de reciclaxe, procedendo igualmente á inspección dos composteiros. As illas de reciclaxe están formadas por tres contedores de 120 litros (amarelo, azul e verde convencional) para o depósito dos envases lixeiros –envases de plástico, latas e briks–, papel/cartón e fracción resto respectivamente. Os centros con comedor tamén dispoñen dun composteiro para fabricar compost a partir da materia orgánica e abonar as súas hortas e xardíns.



Contedores dunha illa de reciclaxe

### Material de apoio

Ademais, coincidindo co inicio do presente curso académico, a entidade distribuíu entre todos os centros adscritos diverso material didáctico de apoio para que alumnos e profesores puidesen levar a cabo os seus respectivos proxectos.

A iniciativa "Recíclate con Sogama" canalízase a través do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, que ten por obxecto fomentar a convivencia e a educación en valores, atopándose entre estes o respecto e coidado do medio ambiente.

SUBIR

**Entrevistamos a...**
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

**Mundo Sogama**
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

**Actualidade**
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

**Multimedia**

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Actualidade

## Encontro institucional co Concello de Cerceda e coa Federación de Municipios e Provincias

**Foron as dúas primeiras visitas oficiais de Javier Domínguez Lino como novo presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente**

A primeira visita institucional do presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, tras a súa toma de posesión, foi o 18 de febreiro ao concello de Cerceda (A Coruña), no que se atopa emprazado o epicentro da infraestrutura industrial desta empresa pública. Alí mantivo un encontro co alcalde, José García Liñares, para coñecerse persoalmente e dar continuidade á estreita colaboración que a empresa, desde os seus inicios, estableceu co ente local. Así mesmo, intercambiaron impresións sobre as perspectivas de futuro.





Domínguez con José García Liñares e José Manuel Rey Varela

A segunda visita institucional de Domínguez Lino foi á semana seguinte, o 27 de febreiro á Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), onde se reuniu co seu presidente, José Manuel Rey Varela.

Ambas as dúas entidades pretenden achegar posturas de cara a axudar aos 295 municipios adscritos a Sogama a levar a cabo unha mellor xestión dos residuos urbanos, conciliando a protección ambiental coa redución de custos.

### Diálogo aberto

Neste sentido, Domínguez quere abrir unha etapa de diálogo cos concellos a fin de xuntar esforzos en aras a un obxectivo común: facer fronte, dende a unidade, á problemática xerada polo lixo, tomando como referencia o actual plan de xestión de residuos urbanos 2010-2020. A esta primeira toma de contacto seguirana novas xuntanzas de traballo para seguir traballando na liña do diálogo.

SUBIR

Entrevistamos a...
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Multimedia

Eventos

Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Multimedia

## Planeta Verde (15º capítulo): Visita á granxa de Aurelio

Anselmo conduce o "bilibús" ata a granxa de Aurelio. Alí, a nosa familia extraterrestre favorita coñece as vantaxes de compostar na casa e aproveita para probar as riquísimas verduras e hortalizas que Aurelio cultiva na súa horta abonada con compost.



Ver vídeo...

## Caderno Verde para 3º ciclo de primaria

**Os alumnos de 5º e 6º curso de educación primaria xa poden descargar as fichas divulgativas pensadas para eles na web do programa e gozar coas aventuras medioambientais da familia Trebón e amigos, aos que agora se unen novas personaxes.**

A plataforma educativa de Sogama "Caderno Verde", ata agora centrada na formación medioambiental dos alumnos de 1º e 2º ciclo de Primaria, estendeuse desde comezo de ano aos escolares de 3º ciclo que cursan 5º e 6º curso (10 a 12 anos de idade).

Á súa disposición puxéronse ferramentas divulgativas coas que nutrir os seus coñecementos en materia de ecoloxía e, máis concretamente, na xestión dos residuos urbanos.

Seguindo a liña de edicións anteriores, a web www.cadernoverde.com nutrirase con fichas didácticas que lle permitirán aos pequenos aprender contidos de distintas disciplinas tales como matemáticas, lingua galega, lingua castelá, coñecemento do medio, inglés ou educación artística, pero utilizando o medio ambiente de forma transversal.



**Novas personaxes**

Aos membros da Familia Trebón (Anselmo, Carola, Lucas e o can Antenas) e amigos (Lilia, Vito e o gato Evaristo) uniranse nesta etapa novas personaxes: Mauro, Sol, Simón, Olalla e Lino.

SUBIR

### Entrevistamos a...
**Javier Domínguez Lino**
Presidente de Sogama

### Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

### Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

### Eventos

### Receitario

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Multimedia

## O Ceip ferrolán San Xoán de Filgueira pon en escena a obra "O Mago do compoz"

**A representación teatral, de creación propia, é toda unha lección de boas prácticas na correcta separación dos residuos.**

O Ceip San Xoán de Filgueira (Ferrol) apoiou a reciclaxe cunha magnífica obra teatral que leva por título "O Mago do compoz". A obra, protagonizada por alumnos de 5º de primaria e dous profesores, narra a historia de Dorothy, un nena que viaxa a un mundo de fantasía no que se fai amiga do home de papel, do home de plástico e do home orgánico, aos que unha malvada meiga engana para que se introduzan nos contedores equivocados.



A situación é salvada polo Mago do compoz, que os insta a colocarse nos recipientes axeitados, facendo posible que recuperen a inspiración. O protagonista conségueo grazas aos poderes dos tres erres e ao poder de Sogama. Sen dúbida, trátase de toda unha lección de boas prácticas na correcta separación dos residuos en orixe para facilitar o seu máximo aproveitamento.

**Ampla bagaxe**

A preocupación deste centro polo medio ambiente e, máis concretamente pola reciclaxe, remóntase ao curso 2011-2012, cando participou na primeira experiencia piloto de illas de reciclaxe escolares promovida por Sogama. No 2013-2014 fíxoo no programa "Reciclate con Sogama" co proxecto "Aforramos ou afogamos".

A obra completa pode verse canle de YouTube do colexio

## Novo spot promocional de Sogama

O slogan baixo o que se artella o novo spot, "Practica os tres erres. Do resto, encárgase Sogama", constitúe todo un alegato no ámbito da economía circular, entendida como aquela que logra poñer en valor o aparentemente inservible. Deste xeito, con este elemento divulgativo, a entidade pública invita á reflexión sobre o coidado do medio ambiente como parte da nosa vida, enxalzando a importancia da súa protección.



O anuncio está á disposición dos internautas na web www.sogama.es, así como nas súas redes sociais de Vimeo, Facebook, Twitter, Tuenti "Por unha Galicia sostible, educación ambiental Sogama".

Ver spot no Vimeo de Sogama

SUBIR

**Entrevistamos a...**
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

**Mundo Sogama**
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

**Actualidade**
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

**Eventos**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos

## Efemérides que celebran o medio ambiente

**Varias son as conmemoracións ambientais que recordamos neste primeiro trimestre do ano e que terán continuidade a finais da primavera coa Semana Europa da Enerxía Sostible, do 15 ao 19 de xuño.**



O 26 de xaneiro foi o **Día Mundial da Educación Ambiental**; e dous días máis tarde, o **Día Mundial pola Redución das Emisións de CO2**, unha xornada coa que se pretende sensibilizar aos cidadáns sobre o cambio climático e os impactos ambientais que este ocasiona.

O 2 de febreiro, e baixo o lema "Humedais para o noso futuro", celebrouse o **Día Mundial dos Humedais**; e o 14 tocoulle a quenda ao **Día Mundial da Enerxía**, que este ano chamou a atención sobre a necesidade de diminuír a dependencia dos combustibles fósiles. Neste mesmo mes, do 17 ao 23, conmemorouse a **Semana da Loita contra a Pobreza Enerxética**.

O **Día Mundial da Natureza**, o 3 marzo, foi unha ocasión para recordar a súa beleza, pero tamén para crear conciencia en torno á súa protección. Dous días máis tarde, o 5 de marzo era o **Día Mundial da Eficiencia Enerxética**, unha data coa que se pretende concienciar á poboación no uso racional e eficaz da enerxía, apostando polas fontes renovables.

### Semana Europea da Enerxía Sostible

Dentro de tres meses, do 15 ao 19 de xuño, terá lugar a Semana Europea da Enerxía Sostible 2015. O evento, que se conmemorará en Bruxelas e nos países da contorna comunitaria, estará centrado nas enerxías renovables e na eficiencia enerxética. A coordinación da actuación corre a cargo da Axencia Executiva da Pequena e Mediana Empresa (EASME), que traballa conxuntamente coa Dirección Xeral de Enerxía da Comisión Europea.

SUBIR


**Entrevistamos a...**

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

**Mundo Sogama**

Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

**Actualidade**

O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

**Multimedia**

**Receitario**


Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Eventos

## Energylab promoveu a primeira xornada sobre biogás en Galicia

O Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética "Energylab" promoveu a primeira xornada sobre biogás en Galicia co obxectivo, entre outros, de favorecer a reflexión e obter conclusións sobre a situación da dixestión anaerobia na nosa comunidade. O evento tivo lugar o pasado 29 de xaneiro na sede da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).




A xornada estruturouse en catro bloques. O primeiro centrouse no marco regulatorio de tratamento e aproveitamento enerxético dos residuos, e o segundo incluíu a exposición de casos prácticos, contando coa intervención do Director Xeral de Sogama, Isidro García Téllez. No terceiro bloque falouse de innovación e o cuarto consistiu nunha mesa redonda na que se expuxeron as principais conclusións.

**Planta propia na Areosa**

A Sociedade dispón dunha planta de aproveitamento de biogás no seu vertedoiro de residuos non perigosos da Areosa (Cerceda) cunha potencia instalada de 2,2 MW. Grazas ás melloras introducidas, a valorización do biogás xerado nesta instalación pasou dos 5.499 MWh producidos no ano 2008 aos 12.137 MWh do 2013, supoñendo un incremento do 170,71 por cento.

## Entrega de diplomas do Master en Enxeñaría Ambiental da Universidade de Santiago



O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, asistiu o 13 de marzo á entrega de diplomas da novena promoción do Master en Enxeñaría Ambiental da USC. Domínguez Lino compartiu mesa coa Excma Vicereitora de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela, co profesor que apadriña a promoción, co coordinador do Master e co Director de Operacións de Viaqua.

No seu discurso, Domínguez enxalzou o prestixio do curso, toda vez que figura entre os cinco primeiros do ranking "250 Másters" que publica anualmente o xornal *El Mundo*. Así mesmo, destacou a colaboración que Sogama vén mantendo coas universidades galegas para complementar a formación dos novos titulados, contribuíndo á súa posterior inserción laboral.

SUBIR

**Entrevistamos a…**
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

**Mundo Sogama**
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

**Actualidade**
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

**Multimedia**

**Receitario**

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal
Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es

# Receitario

## Concurso "Aprovéitate do que che sobra": receita de pementos recheos

A coruñesa Carmen Santiso Ferreiro compartiu na páxina web www.aproveitatedoquechesobra.es, impulsada por Sogama e a Consellería de Medio Ambiente con motivo da Semana Europea da Prevención 2014, estes saborosos pementos recheos feitos con sobras de comida.

A receita foi, ademais, candidata ao concurso enmarcado na campaña "Aprovéitate do que che sobra". "Están deliciosos e, aparte de que a preparación é moi sinxela, é a forma perfecta de presentar doutra forma un prato tan completo como a paella!", asegura Carmen.

## Pementos recheos

Nivel de dificultade: 1 2 3



**CANTIDADES E INGREDIENTES:**

- Pementos verdes
- Sobras de paella
- Champiñóns
- Sobras de queixo cremoso
- Aceite
- Allo

**ELABORACIÓN**

- Salteamos os champiñóns con aceite e un chisco de allo e mesturamos coas sobras da paella.
- A continuación, engadimos o queixo e enchemos os pementos cunha culler pequena.
- Metémolos no forno quecido con antelación e asámolos ata que estean tenros.

SUBIR

Entrevistamos a...
Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama
Reunión entre a Conselleira de Medio Ambiente e o novo presidente de Sogama

Actualidade
O municipio de Miño incorpórase á compostaxe doméstica

Abono orgánico para as hortas do Centro Penitenciario de Monterroso

Proba superada para a primeira fase de ampliación da autocompostaxe promovida pola Deputación de Ourense

O xogo xigante "Un partido polo planeta" está a percorrer os colexios galegos

Máis de 7.000 alumnos de 82 escolas formados na xestión de residuos urbanos

Case un milleiro de visitas ao complexo industrial en 2 meses

A campaña autonómica da reciclaxe achégase a Xinzo de Limia e a Melide

Curso online sobre xestión de residuos para o profesorado de ensino secundario

Primeiras inspeccións das illas de reciclaxe nos centros de ESO

Visita institucional á Fegamp e ao Concello de Cerceda

Multimedia

Eventos

Volver á páxina de inicio



© SOGAMA | Aviso legal

Morzós, 10 baixo · 15187 San Román · Encrobas - Cerceda (A Coruña) · Tlf.: 981 698 500 · Fax: 981 686 064 · cmc@sogama.es